



falaRedes

programa de dinamización lingüística

OS BOLECHAS E O AMIGO MONTE

Os seis irmáns Bolechas e o can Chispa non podían faltar á súa cita co FalaRedes. Aquí chegan, un ano máis, os máis divertidos referentes galegofalantes para percorreren este verán 21 localidades galegas cunha actividade familiar e participativa.

Tatá, Sonia, Braulio, Loli, Pili e Carlos vivirán a canda os nenos e nenas de 21 concellos da Rede de Dinamización Lingüística unha nova e divertida aventura que servirá, ademais de para pasalo ben, para mostrarlles aos máis pequenos a importancia de coidarmos o monte e a maneira de facelo, iniciándoos na prevención dos incendios forestais. O obxectivo é fomentar, a canda a educación ecolóxica dos cativos e cativas, a súa participación en galego na resolución do conflito proposto no guión. Para iso, Os Bolechas solicitarán a intervención do público en probas de habilidade axeitadas para rapaces de 3 a 9 anos e establecerán un diálogo cos nenos e nenas acerca do monte, da súa fauna e da súa flora. De xeito transversal trataranse cuestións como o traballo en equipo, a colaboración, fomento de prácticas saudables e, por suposto, habilidades lingüísticas en galego.

O espectáculo mestura o formato de monicreques manipulados por actores á vista con actores reais. Aínda que os verdadeiros protagonistas da historia son, como é habitual, as nenas e nenos que participan na actividade, especialmente pensada para alumnado de educación infantil e primaria. A duración media da función está arredor dos 60 minutos.

Para que a actividade de dinamización lingüística teña continuidade máis alá do día do espectáculo, as familias poden acceder ao web www.osbolechas.gal/amigomonte, onde atoparán diversos contidos (xogos, diplomas, unidades didácticas...) e poderán participar en sorteos de lotes de libros. Tamén, coma sempre no FalaRedes, a entrada é libre e de balde ata completar a capacidade das salas. Toda a información sobre a nova edición xa está dispoñible no Portal da Lingua Galega en www.lingua.gal/bolechas-amigo-monte.



@Falaredes



Rede de Dinamización Lingüística

OS BOLECHAS E O AMIGO MONTE

XUÑO

- Sábado 16: **Monforte de Lemos**, na Casa da Cultura Poeta Lois Pereiro, ás 12:00 horas
- Sábado 16: **O Barco de Valdeorras**, no Teatro Lauro Olmo, ás 19:00 horas
- Domingo 17: **Corcubiión**, (en colaboración coa Mancomunidade de Concellos da Comarca de Fisterra), na Casa da Cultura, ás 12:00 horas
- Domingo 17: **Cabana de Bergantiños**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 horas
- Sábado 23: **Teo**, no Auditorio Constante Liste da Ramallosa, ás 12:00 horas
- Sábado 30: **Lousame**, na Casa da Cultura, ás 12:00 horas
- Sábado 30: **A Coruña**, no Centro Cívico dos Mallos, ás 18:30 horas



XULLO

- Domingo 1: **Ramirás**, no Centro Cultural do Picouto, ás 18:00 horas
- Sábado 7: **Baiona**, na Biblioteca Pública Municipal (Hospital do Santo Espírito), ás 12:30 horas
- Sábado 7: **Vilaboa**, na Casa da Cultura de Riomaior, ás 20:00 horas
- Domingo 8: **Barreiros**, no Centro Sociocultural M. Díaz Sampedro, ás 12:30 horas
- Domingo 8: **Mondoñedo**, na Casa da Xuventude, ás 20:00 horas
- Sábado 14: **Cangas**, no Auditorio Municipal, ás 20:00 horas
- Domingo 15: **Chantada**, (en colaboración co Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra) no Auditorio Municipal, ás 19:30 horas
- Sábado 21: **Portas**, no Centro Cultural de Romai, ás 18:00 horas
- Domingo 22: **Ferrol**, na Capela do Centro Cultural Gonzalo Torrente Ballester, ás 12:30 horas
- Mércores 25: **Frades**, no Centro Sociocultural de Galegos, ás 18:00 horas
- Sábado 28: **Bande**, no salón de actos do Concello, ás 12:00 horas
- Sábado 28: **Oímbra**, no pavillón polideportivo, ás 19:30 horas
- Domingo 29: **Coristanco**, no Edificio de Servizos Múltiples, ás 12:30 horas
- Domingo 29: **Arzúa**, no Multiúsos Terra do Queixo, ás 19:30 horas

